

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VII — NÚMERO 186 — 1.º JUNIO 1923

Ao pobo galego

Non ousará pôr ningún en dúbida que a nosa Galicia, pol-a súa privilexiada situación no Continente europeo e pol-a súa expansiva raza, é un pobo chamado a se incorporar de feito ás asoballadoras correntes do progreso mundial, o día que, consagrada a súa personalidade, dona por inteiro do seu inxente patrimonio moral e económico, poida enxerguel-o pulo da súa forza vital á súa reconstitución, segundo o que require a súa íntima e peculiarísima maneira de sere, e, por decontado, encamiñal-o seu esforzo económico ao fomento e desenvolvemento da súa riqueza. Unha Galicia culta e rica, na plenitude da súa vida, camiñando de brazo das demais nacións hispanas, n'unha comunión desinteresada e verdadeiramente fraterna, na que xermole unha aspiración que nós aloumiñamos e sintetizamos n'iste verbo: IBERIA... Velaí noso ideal. Mais non será realidade no intre que na Hespaña se non troque o sistema político e administrativo centralista que tendeu por riba da inxente diversidade das rexións o raseiro d'unha absurda organización uniformista, desbotando e menosprezando có gallo d'un patriotismo burocrático e paroleiro, canto n'aquelas existe de privativo e de esgrevio, canto nelas creou o labor ancestral de cen xeneracións guiadas pol-o sentimento e a conciencia da súa personalidade como pobo. O centralismo, como réxime de ficción, sostense non mais que por unha verdadeira subversión do dereito cidadán, na que a virtualidade do precepto legal está condicionada pol-a comenencia partidista, cando non pol-o capricho dos que abranguen as rendas do poder en calquera dos seus grados ou manifestación, na siguranza de que ningún dos seus desaforos ten sanción. Axiña o caciquismo surxe de seu coma pseudo-institución na que o réxime centralista s'empara: asíña medran e trufan os caciques no intre que os pobos traballan e xemen, civado o corpo e laceirado o espírito: asíña a Historia guindará sobor das xeneracións presentes o anatema de teren soportado o estigma da servidume e de teren escoitado o estalo da tralla dos tirans sen nun pulo de santo ardimento virárense a eles para fírilos de morte... E poderán outros pobos quizais seguiren vivindo de tal xeito, se aínda estribal-a razón da súa vida nun cativo ideal de domeación ou de hexemonía, mais a nosa Galicia, afota de liberdade, non pode xa ficar mais tempo baixo d'ise réxime centralista concupiscente e abafante que a esquilma e a deshonor. Non só pol-os nosos intereses, pol-a dinidade da nosa raza, senon tamén pol-a de total-os demais pobos da Hespaña, compre que esa vergonza do noso tempo, que noxo só esperta nas conciencias e nos corazóns, sexa raído de feito, deixando paso ao réxime autonómico integral que coma sol esplendente alumeará o rexurdimento á vida

das nacionalidades hispanas para formaren sobor da base dos comúns intereses e do recíproco fraternal afecto, non lixado por ningunha tiranía a forte e libre Iberia do porvir.

BANET FONTENLA.

O terrorismo dos caciques en Tuy

¿A dónde vamos?

Nos campos de Tuy está o caciquismo galego escribindo estes días unha páxina de inominia. Aquelas terras—terras de martirio e de redención—están sufrindo un terrorismo sin precedentes. Os agrarios son encarcerados, as súas mulleres maltratadas, e os seus viñedos talados. E todo isto ocorre con consentimento das autoridades que están alí ao servizo do Sr. Ordóñez. Todo é obra dos elementos ordoñistas, obra meditada, preparada e garantizada coa impunidad.

Os labregos de Tuy aguantaron durante dúas xeneracións os atropellos do caciquismo ordoñista. Caciquismo de cepa feudal; inquisitorial e siniestro, zafio e gañán, cativo e ruín; caciquismo de terceira crase, sin xesto e sin grandeza. En cuarenta anos n-aquel distrito non houbo eleccións; os Concellos eran de Ordóñez, as autoridades eran de Ordóñez, todol-os empregados eran de Ordóñez; e Ordóñez nin siquiera iba ao distrito, porque aquel distrito non era para él mais que coma unha propiedade que herdara de seu pai; nada se podía facer alí sin o seu consentimento. Mais chegou un día en que os labregos se organizaron e preparouse contra d-eles unha batida, coma se prepara unha montería para cazal-as feras non toxales; e foi en Sobre do onde caeron mulleres e homes e nenos e santificaron co seu sangue aquela terra escravizada. E os labregos, almas honradas e xenerosas, almas celtas, nas que se garda puro coma n-un santuario o sentimento relixioso e humanitario da raza, que aguantaran inxusticias e persecucións e ladroadas, sentiron unha invencible repunancia contra dos asesinos, e xuraron libertar aquela terra.

Os labregos cumpriron o seu xuramento. Nas derradeiras eleccións conquistaron voto a voto a súa cidadanía, e souperona defender coma vellos loitadores. Portela Valladares soupo encender aqueles espíritos n-un santo amor a Galicia; coma un apóstol foi sementando en todol-os recunchos d-aquelas campías as verdades santas da grandeza e liberdade da nosa terra e das nosas xentes; e o novo Evanxelio prendeu na austeridade fonda d-aqueles labregos coma unha labarada roxenta e purificadora.

Nós fomos testigos d-aquelas gloriosas xornadas de inmorrente lembranza; os camiños cheos de froes; as xentes que traballaban nas cortiñas, as que iban pol-as corredeiras, as que se adiviñaban no fondo das congostas ca-

vando nas cepas, as que estaban nas casas, todas se arremuñaban ao paso de Portela Valladares para vitorealo con vivas a Galicia e con morras ao caciquismo n-un berro cheo de fé e de ardimento, que se iba alongando e resoando pol-os prados e pol-os piñeirales, para ser devolto nun constante renovamento pol-as xentes que na lonxanía recollían-o seu eco. Parecía a mesma terra que se estremecía n-unha febre creadora e deixaba saír das súas entranas o inxente rumor das arelas redentoras que n-elas foron acumulando cinco séculos de escravitude.

Agora os caciques están levando a cabo unha ceifa de terrorismo contra dos agrarios de Tuy, como non se lembra outra en Galicia. Un terrorismo mais cobarde e mais repunante que o de Barcelona; un trato de colonia africana, que nos avergonza diante de Hespaña. E son todol-os caciques de Galicia xuntos: unhos dirixen, outros axudan, outros protexen e todol-os demais alentan aos que executan as ordes; son todos porque se dan conta de que o triunfo dos agrarios de Tuy é o triunfo do santo ideal que quere para Galicia terra libre, homes libres e goberno libre; danse conta de que o xesto heroico dos agrarios de Tuy abonda para despertar a un pobo e cambial-o curso da sua Historia, porque aqueles homes xa non loitan por un home que pode desaparecer da loita, sinon por un ideal que cada día vai conquistando e redimindo novas almas.

Pero por iso mesmo a conducta dos caciques garantiza pol-a pasividade do Goberno é mais intolerable que nunca. Porque isto quer dicir que farán outro tanto en todol-os pobos galegos que queiran redimirse. Nós facemos unha chamada a todol-os pobos galegos para que se fixen ben en todo isto: os caciques, representantes en Galicia do Estado hespañol, non consisten que os nosos labregos teñan ideas e sobre todo, que as defendan; para eles é un delito que nos nosos campos, onde tantos dones a Natureza milagreira da, se poidan cultivar os sentimentos de xusticia e liberdade, que dan mantenza e saúde espiritual aos pobos. ¿A onde se quere levarnos por iste camiño? Galicia enteira protesta contra do terrorismo caciquil de Tuy; Galicia quere xusticia, e con ese sistema obrigaránlla a tomar pol-a sua man, porque cando un pobo desperta do seu sono como está despertando todo o pobo galego, as medidas opresoras e retardatarias non fan mais que ensanchal-as súas posibilidades revolucionarias; e entonces fará eisamen de conciencia e darase conta para sempre de que non se pode pertencer con decoro a un Estado no que non se sente a xusticia nin se respetan-as leis, e no que, como dicía xa Costa, se eixe todo e non se concede nada.

Francisco Tettamancy

No mes pasado fixo dous anos que morreu o gran publicista e inesquencido irmán noso.

Ao se cumprir o segundo aniversario da sua morte, adicamos estas sinxelas verbas de fonda lembranza ao chorado D. Fuco, cuio nome vive e vivirá sempre no noso pensamento.

A Real Academia Gallega

Unha vergonza mais

A "Academia Gallega", que para non ser galega nin no nome, chámase "Real", e ademais fai todol-os traballos en castelán, acaba de nomear, según no derradeiro número dixemos, seu presidente pol-a vacante do ilustre Murguía ao Sr. Martínez Salazar.

Nosos maiores respetos para o Sr. Martínez Salazar. Home culto, home bon, home traballador e venerable, cuia longa e fecunda vida foi sempre merecente do noso aprauro. Pero o Sr. Martínez Salazar non é galego. Por iso a sua consagración na presidencia da Academia é unha vergonza para Galicia. ¿Pero é que entre todol-os académicos galegos non hai un que seña merecente da presidencia? D-aquela compre por decoro que Academia se peche para sempre. E o pior foi que resultou elexido por unanimidade. E si o ser elexido quer dicir que os demais non teñen valimento científico, o sel-o por unanimidade quer dicir que tampouco teñen sentimento patriótico.

Mais por si o feito fora político, queren agora coroar a sua obra nomeando académico de honore ao conde do Rivero e rendirle iste homenaxe n-unha solene recepción. O señor conde do Rivero, é o adeministrador e copropietario do "Diario de la Mariña", xornal cubano que sempre tivo dispostal-as suas columnas para aldraxar a Galicia e aos galegos; o señor conde do Rivero tampouco é galego, nin téñ mais merecemento que ser fillo de seu pai que lle deixou cartos para darse pote.

¿Pobre Nai Galicia, a canto desleigamento chegaron os teus fillos! Sempre gobernados por xente allea, sempre bicando a man a quen-os desprezia, sin un pulo de dinidade nin un xesto de gallardía!

Política agraria

Comentarios

Con motivo das traicións de que foi vítima na derradeira loita electoral Basilio Alvrez, o apóstol do agrarismo, inda mais apóstol agora que denantes, véñse falando da falla de cidadanía dos nosos peisanos, e inda da derrota do agrarismo. Nada mais falso; nin fracasou o agrarismo, nin o noso labrego é malo. O que pasa é que o noso labrego non pode entender ao Poder central, non-o coñece, non lle cabe na testa; para él o Poder central é un mal misterioso e ladroeiro, que hai que sufrir como se sofre unha mala anada. E por iso é imposible que capacitemos ao noso peisano, que fágamos d-él un verdadeiro cidadán, sabedor da importancia do seu voto, hasta que teñamos un Poder galego no que se vexa refrexado, que o sinta e entenda, para poder exercitar os seus dereitos. Poder que pol-o mesmo, temos que conqueril-o con ley si pode ser, e sinon, fora da ley e contra da ley, glosando cada bon galego aquelas verbas de Nietzsche d-iste xeito: "Garda a vida enteira para a meirande victoria da vida; que a tua victoria meirande seña a victoria do teu mais outo pensamento; e o

teu mais outro pensamento xa o tén escrito Zaratustra: con-querir a Liberdade da tua Terra”.

Por iso que o noso peisanó non pode entender o Poder central, e non-o concibe mais que coma unha forza de tiranía, é pol-o que entre nós sempre foi considerada coma unha vitoria a máxima resistencia ao Poder. E, d-eiquí a nosa posición de coirdarnos sempre alleos ao noso atraso político. Por iso a teoría do apoliticismo non é mais que un froito da nosa escravitude.

Por iso a nosa conciencia debe ser: a culpa de canto na nosa Terra pasa é culpa de todos nós; de nós que deixamos facer; de nós que somos o Poder mesmo, o Estado mesmo, a fonte da cultura e da xusticia, e deixamos que outros usurpen o Poder e nos sirvan unha cultura apodrecida e unha xusticia falseada; e cada minuto que se perda é un atraso na liberación da Terra.

¿E qué vamos a facer, pois? ¿Agardar a que o Centralismo resolva armónicamente o pleito das nosas liberdades? Que o Centralismo queira resolver os nosos problemas é o mesmo que dicir que o Centralismo quere morrer, porque a solución dos nosos problemas significa a morte do Centralismo. Por iso nada temos que pidirle ao Centralismo, sinon ollal-o de fronte e vencelo en loita aberta.

Eisi temos que pensar os fillos d-esta Terra, que non sentimos a vida somente a través dos libros, sinon na angustiosa realidade da nosa cidadanía irredenta.

A. Balsa.

Orientacións nacionalistas

Estamos conformes

Noso ben querido amigo Vicente Risco, Xefe Supremo da I. N. G., n-un artigo, coma todol-os seus notabre, publicado na “Zarpa”, d-Ourense o día 26 d-Abril, despois de cristiños razonamentos, senta as seguintes categóricas concrusiós:

“Galiza precisa unha política galega de franca e aberta rebeldía, mesmo revolucionaria; unha política de oposición a Madrid, ao seu Goberno, aos seus homes, aos seus partidos. O que non sexa isto é perdel-o tempo”.

Suscribimos n-un todo esas afirmaciós. Nelas atópase compendiado o pensamento político das Irmandades da Fala; o pensamento que dende a nosa nacemento defendemos, o que procuramos levar en apostólica porpaganda por todol-os recunchos da nosa Terra; nese pensamento están traballadas as páxinas doutrinales d-este noso Boletín. Folgámonos moito, e somos os primeiros en felitarnos d-esta coincidencia, millor dito, d-esta identificación, oficial e pública, entre o pensamento das Irmandades da Fala e o pensamento do Xefe da nova entidade nacionalista, I. N. G.

* * *

Tamén a “Irmandade Nacionalista Galega”, por acordo tomado na sua derradeira Asamblea, dirixeu ás Sociedades agrarias un cuestionario dos puntos doutrinales e ideolóxicos que en relación c-o problema agrario forman o programa d-esa entidade nacionalista. Son trece as concrusiós

do cuestionario referentes a outros tantos problemas da nosa Terra, e todas elas coinciden no pensamento e na expresión coas concrusiós agrarias aprobadas nas tres primeiras Asambleas das “Irmandades da Fala”.

Moito nos satisface esta comunión doutrinal, esta identidade de pensamento e de acción que a través dos días se vai estabrecendo mais densa e mais forte entre todol-os organismos nacionalistas de Galicia. Esta diversidade de organizacións que cada unha pol-o seu camiño van todas día a día libertando anacos do vello chán galego, e ao atoparse no medio da xornada, procraman diante do pobo o mesmo Evanxelio redentor é certamente un gran eixemplo de patriotismo. E para as “Irmandades da Fala” en particular debe ser un alento mais na loita e unha nova fé no triunfo ao ver que os demais organismos inspíranse na sabia doutrina das suas Asambleas e recollen o seu programa agrario para as suas campañas.

En Santiago

Homenaxe a Chané

O centro artístico “A Terraña”, de Compostela, proxeita a celebración d’unha velada en honor do chorado mestre Castro Chané, e a colocación d’unha placa conmemorativa na casa onde nasceu o ilustre músico.

Actos como este, nos que se rinde culto á aqueles que, como Chané, deron gloria e foron honra da sua Terra, son os que se precisa organizar de cote en toda Galicia, xa que eles son a maor mostra do rexurdimento d’un pobo grande e nobre, o afinamento da propia persoalidade, e a glorificación dos nosos valores.

E teñan en conta todos eses rapaces que vendo brilar no seu cerebro unha luceciña, botan unha ollada sobre o mundo buscando o lugar mais axeitado como campo de acción para realizar os seus soños, que así á Rosalía como á Curros; igual á Montes que Chané non se lles rinde culto en Galicia senon pol-a sua labor galeguísima, froito da sua alma de artistas puramente galegos.

A institución Murguía-Rosalía

Como necesariamente tiña de suceder, a idea exposta por un colaborador do xornal cruñés “El Noroeste” nas columnas d’este diario para a creación d’un premio que levará o nome da nosa Santa Rosalía e do noso historiador Murguía, vai camiño de ser unha leda e xurdia realidade. Todol-os xornás d’a Terra fixéronse eco da feliz idea que tomou baixo o seu agarimoso amparo o Concello da Cruña e xa comenzáronse a recibir algunhas cantidades, que dende logo fan supoñer que a idea non se malogrará. Para que isto non suceda, preciso é que os encargados de lle dar cumprimento ao proxecto non o descuiden e que todol-as entidades de Galicia, centros galegos de fóra e os galegos en xeneral non regateen o seu apoio económico.

A “Irmandade da Fala” da Cruña acordou contribuír anualmente co’a cuota fixa de 25 pesetas, cuia primeira entrega fíxose xa ao alcalde da capital.

Que non se malogre a idea é o noso desexo, e felicitamos dende estas columnas, sempre abertas a toda idea xenerosa mais ainda cando de cousas de Galicia se trata, ao autor d’ela, fose quen fose.

Cousas d' Hespaña

O NOVO PARLAMENTO

Os hespañoles están de estreno: teñen un novo Parlamento. ¿Cómo será? ¿Será coma os mais? As xentes vótanse a adiviño, e a función lexislativa toma a categoría d-unha nova lotería nacional. Nin homes, nin programas, nin idecias, nin siquera propósitos de enmenda, nada existe no Parlamento que garantice a orientación i-eficacia da súa labor. Comenzarán-as sesiós, a xente lerá os xornales para ver a sorpresa de cada día, para atopar un anaco de alento, e todol-os hespañoles ao final da lectura, amorrñados e tristes, dirán como cando lén a lista da lotería: "non tocou; veremos para outra vez". E ao seguinte día pasará o mesmo, e todol-os días pasará o mesmo, o que quere dicir que todo será igual, que non pasará nada, mais que un desengaño renovado cada día na vida monótona da Hespaña que se pasa a vida sin mais esperanzas de salvación que un premio da lotería: lotería do Tesouro, lotería parlamentaria, lotería africana; todas son loterías nacionais.

MARROCOS

Atacan os mouros a Tizi-Aza, que é polo visto a posición mais avanzada que o exército hespañol ten en Marrocos. Atacan un día e o Goberno canta gran victoria; pero aos poucos días volven a atacar unha e outra vez e cada vez mais feramente; esto quer dicir que o exército hespañol está a defensiva, e que son os mouros os que teñen a iniciativa. ¿Onde está a victoria n-un exército que vai reconquistar un territorio perdido fai dous anos e tén que pôrse á defensiva?

O mais intresante é a solución que para evitar istas agresións se lles ocorre ás isquerdas parlamentarias hespañolas: que o exército se retire a posicións de retaguardia para perdel-o contacto cos mouros que tén que terse na primeira liña; como si ao retirarse a outras posicións estas non estiveran sempre en primeira liña; porque canto mais retroceda o exército mais avanzarán-os mouros, e sempre estarán en contacto. Decididamente, os hespañoles perderon-a cabeza.

A TRAXEDIA DE BARCELONA

Tiros, bombas, asesinatos, folgas; este é o panorama normal de Barcelona, e seguiraio sendo namentras a gran cidade irmá non seña mais que unha cidade hespañola rexida por un gobernador civil, como si se tratara de Burgos ou de Cuenca; seguiraio sendo porque os Gobernos, cando aqueles problemas se recrudecen, a úneca solución que atopan é cambiar de gobernadores, sin ventaxa ningunha, porque o problema non é de cambio de persoas sinon de cambio de réximen e de sistema, e co grave icomenente de que cada gobernador é mais cativo que o derradeiro; por iso a cada novo gobernador a xente non pregunta o que fará, sinon canto tempo tardará en fracasar. Eisí terá que ser, porque o curpabre úneco de canto pasa en Barcelona é o Estado hespañol, que non ten sentido da xusticia nin conoce aquel profundo sentimento de respecto aos dereitos

humans que caracteriza a total-as sociedades civilizadas; porque carece do espírito xeneroso e comprensivo das velhas democracias europeas; porque o Estado hespañol non resolve ningún problema mentras non repercuten no orden público, e despois quereos resolver todos coma unha función de policía coa crueldade tradicional que sempre foi a tónica da política hespañola. Por iso Barcelona, culta e civil, sempre será martirizada mentras señas hespañola.

NO ATENEO DE MADRI

Conferencia de Basilio Alvarez

No "Ateneo" madrileño pronunciou fai xá días unha interesante conferencia o leader do agrarismo Basilio Alvarez encol das eleicións en Ourense e Tuy. A conferencia foi fundamente interesante e valente. Relatou os atropellos e immoralidades cometidas pol-as salvaxes hostes do noxento Bugallal, atacando feramente e con adxetivos moi axeitados ao cacique máximo galego. Xá os xornás falaron d'aquela conferencia e noso querido colega de Ourense "La Zarpa" publicóuna íntegra.

Basilio Alvarez, co'a elocuencia e rebeldía n-él característicos, expuso unha páxina sangrante da vida galega.

Basilio recibiu moitas felicitacións, entre elas unha moi querendosa que lle enviou a "Irmandade da Fala" da Cruña.

NA "REUNION DE ARTESANOS"

Conferencia de Posada Curros

Seguindo o curso de conferencias encol de "La personalidad de Galicia" organizado pól-a veterana sociedade cruñesa, pronunciou unha moi interesante o 19 do pasado o noso querido amigo e galeguista entusiasta Xosé Posada Curros.

Falóu de "La Dramática Gallega", e na súa disertación, moi documentada sobre o desenvolvemento do teatro rexional, citóu unha estensa bibliografía, entre ela repetidas veces o estudo crítico-bibliográfico que sobre a nosa Dramática ten escrito D. Euxenio Carré Aldao, así como tamén a conferencia pronunciada recentemente na Irmandade da Fala pol-o noso irmán Leandro Carré.

Estima de moita necesidade o cultivar a nosa Dramática, así como tamén o idioma galego en todol-os aspectos.

A conferencia, como xa dixemos, foi interesantísima, e o noso querido amigo, un dos rapaces de mais valer no actual movemento galego, recibiu moitas felicitacións e aprausos. A eles unimos os nosos.

* * *

Con motivo d'esta conferencia tivemos o gusto de lles dar unha aperta aos nosos amigos D. Armando Cotarelo e D. Ricardo Frade, autor da apraudida comedia "Vaites, vaites..." Co'eles falamos das cousas de Galicia. O señor Cotarelo anunciounos a próisima publicación de duas novas obras suas, que agardamos con ansiedade, e do estreno do seu drama "Lubicán", que se fará na Cruña. O señor

Posada Curros, escritor moi notabre, prometeunos tamén a súa colaboración, que moito lle agradecemos.

* * *

O próisimo día 2 de Xunio dará a derradeira conferencia en col da persoalidade de Galicia, o noso querido amigo e xenial artista Castelao.

En Bós Aires

Sociedad Cultural y Agraria del distrito de Mugia

Temos recibido un manifesto espallado entre os fillos do distrito de Muxía residentes na capital da Arxentina para a creación d'unha entidade que levará o nome de "Sociedad cultural y agraria del distrito de Mugia".

Este manifesto está inspirado n'un alto fin patriótico e cultural e a idea do comité organizador arrédase de outros manifestos publicados co mesmo ouxeto pol-os galegos que viven nas Américas e que teñen creado escolas en Galicia nas que en casi todas elas máis que labor cultural e galeguista o que se fai son escolas de emigrantes e de compra desgaleguización. Por esa razón xugamos comenmente recoller n'estas columnas a idea que, según o manifesto nos dí, anima ao comité encargado de levar a remate tan boa obra.

Entre outras cousas intresantes dí o manifesto o que a continuación copiamos traducido: "O noso camiño é máis corto e vai dereito ás necesidades máis apremiantes do municipio visando craramente estes tres problemas capitais: *A instrucción elemental* (neutra e racional), *A enseñanza agrícola* (en canto refírese á divulgación dos modernos coñecimentos e prácticas encol da agricultura, gandería, industria leiteira e derivadas e especialmente da industria de granxa) e o fomento dos *Sindicatos agrícola-gandeiros* (como factores do progreso económico da comarca e do benestar individual do labrador, dende que eles instituyan o seguro mutuo sobre o gando, a cooperación para a adquisición de sementes e abonos químicos e especialmente da creación de caixas rurais de depósito e préstamo que libren ao labrador das pontas da usura)."

"Emporiso, hoxe como onte, a especie de instrucción que se lles suministra aos nenos das aldeas é a mesma, isto é, unha enseñanza en fragante desacordo cos seus costumes e o seu xénero de vida.

Necesitamos, pol-o contrario, crear no distrito escolas esencialmente rurais que preparen ao nenho para a función que máis tarde terá de desempeñar e que de feito xá desempeña, tal é a de agricultor; pero agricultor á moderna, capaz de extraer á terra e á gandería todo o rendimento que o labrador dos países adiantados adoita a sacarles. D'este xeito o noso labrego non levará a vida de privación e miserias que hoxe soporta nin se verá en moitos casos na dura necesidade de buscar na emigración o pan de cotío que non soupo atopar na súa propia terra".

O manifesto, que firman os señores Leopoldo M. Balboa, Eduardo Leise, Antonio Paz remata co berro: "¡Terra a Nosa!

Moito celebraremos que chegue a feliz termo tan xe-

neroso pensamento e ogallá este exempro sexa imitado pol-os nosos paisanos que nas Américas residen.

Así trabállase por Galicia e faise Patria, e non facendo festas e xantares ridículos e cursis en honra de canto paniaguado aprovéitase e explota a candidez dos nosos paisanos americanizados.

A nosa embora ao comité organizador co desexo de que non desmaíen na idea que dende logo calificamos de xenerosa e patriótica.

TEATRO GALEGO

Escola Dramática Galega

Pol-o gran intrés e a suma importancia que ten para o desenrolo do teatro galego, agora en vigorosa exaltación, a labor meritísima e patriótica que realiza a notabilísima "Escola Dramática Galega" que patrocina a "Irmandade da Fala" da Cruña, queremos facer unha lixeira exposición da súa autuación dende o mes de Outono do ano pasado que comenzou as veladas no salón da "Irmandade" hasta o de Abril en que as suspendeu hasta o próisimo inverno.

N'ese tempo celebrou 21 veladas na "Irmandade"; duas no "Salón Doré"; unha en Sada, e duas no Teatro Rosalía. Representou as seguintes obras: "O corazón d'un pedáneo", "Tolerías", "A venganza" e "O pecado alleo", de Leandro Carré Alvarellos; "Sacrificio", de Euxenio Carré Aldao; "Filla" e "Sabela", de Galo Salinas; "O Pazo", "A Ponte" e "Minia", de Lúgrís Freire; "Axúdate" e "O Manciñeiro", de Charlón e Hermida; "Almas sinxelas", de Xavier Prado (Lameiro); "Vaites., vaites", de Ricardo Frade Giráldez; "Ainda vive", de Francisco Alcayde; "O chufón", de Xesús Rodríguez López, e as portuguesas "Leonardo o pescador", "Os monicreques" e "Pouca vergoña".

As obras con que se presentou no Teatro Rosalía foron "A Ponte", de Lúgrís, que facía vinte anos que non se representaba, e "O pecado alleo", de Leandro Carré, que estrenou a "Escola". As dúas veladas foron dous grandes éxitos, o mesmo pol-as obras que pol-a forma intachabre como foron representadas.

Como ao mesmo tempo que facer resaltar a autuación da notabre agrupación queremos que quede na colección de A NOSA TERRA algo do seu historial, consideramos necesario estampar aquí os nomes das lindas e animosas rapaciñas e dos entusiastas irmáns que integran a "Escola", que son os que interviron na representación das obras que deixamos citadas.

Son as señoritas Consuelo Varela, Rosa Martínez, Carmen Muñoz, Francisca Arroyo e Rosario Iglesias; os nenos Leandriño Carré e Fernandiña Esparza, e os irmáns Leandro Carré, Federico Zamora, Manuel Lemus, Fernando Blanco, Antón Alvarez, Víctor Casas, Francisco Rodríguez, Xesús Rodríguez, Enrique R. Sabio, Felipe Insua, Xosé Regueira e Arturo Casas.

Ademais da labor realizada no inverno pasado, a mesma agrupación veu traballando dende fai cinco anos pol-o

rexurdimento do noso teatro e primeiro co nome de "Conservatorio Nacional da Arte Galega", despois co de "Sección de Decramación da Irmandade da Fala" e agora co de "Escola Dramática Galega" realizou sempre unha gran labor meresciente de aprauso e agarimo.

Falla fai que o exemplo dos traballadores rapaces da "Escola" sexa imitado en outros pobos de Galicia e entón veremos como o noso teatro terá de ir, de feito xá vai, camiño d'un maior perfeizoamento é vigorización.

O noso entusiasta aprauso á "Escola Dramática" é o desexo de que non acougue na patriótica labor que ven efectuando.

O Hino galego de Alfredo Brañas

O hino galego popular, o que se canta de cote en todas partes, é o hino do gran bardo Pondal. Pero tamén existe un gran hino, obra do Alfredo Brañas, o precursor do nacionalismo galego contemporáneo. Moitas persoas pergúntanos por él, porque fai moito tempo que non se publicou, e por iso nós dámo-lo oxe á publicidade na seguranza de que os nosos lectores han de agradecernos esta divulgación d'un hino que tamén debe conocer todo bon galego. O hino titúlase

DEUS FRATRESQUE GALAECIA

Casta dos celtas ¡esperta axiña!
¡Ergue do fango da escravitú!
¡Patria da y-alma, teus ceibes cantos
Henchan o mundo de Norte a Sul!

Dos meus pasados bendita terra,
Nai amorosa da miña Nai,
¡Creva as cadeas que te asobalian
E cingue a croa da libertá!

Cantai, galegos,
O hino, xigante
Dos pobos libres,
Dos pobos grandes;
Cantai, galegos,
A idea santa
Da independenza
Da nosa Patria.

Os de Castela son castelaos,
Os de Galicia galegos son,
Pero non somos, como hespañoles,
Nin eles amos, nin servos nós.

Das costas bravas de Finisterre
Hastra as douradas beiras do Sil,
¡Ruxan os berros de guerra e morte
contra os tiranos do meu país!

Ártabros fortes,
Feros brigantes,
Sombras quiridas
D-outras edades,

¡Prestade alentos
Ós que batallan
Por esta meiga
Pequeña Patria!

ALFREDO BRAÑAS MENENDEZ.

A este hino púxolle unha música solene, xurdia e ma-xestuosa o gran compositor galego, residente na República mexicana, L. Taibo, irmán do gran poeta Victoriano.

En poucas verbas

A cidade de Salamanca fixo á reina o presente d'un fermoso traxe de charra.

Esto trai á nosa imaxinación a lembranza de tantas e tantas festas que se celebran de cote en todol-os países, onde as señoritas cultas e aristocráticas visten honrosamente os traxes típicos dos seus pobos.

E comparamos coas señoritas galegas, que sempre que teñen ocasión... *pónense chulas*.

E¡ que mal lles senta!



O gobernador de Pontevedra, no propio Goberno, agrediu ao inxenheiro xefe de Obras públicas.

Todos os gobernantes en Hespaña están afeitos á em-*pregar toda a sua autoridade* nas custións persoales, mais que ben do Estado. Tamén e certo que para eles non hai mais ben que o propio.

A nós parécenos que xa vai sendo hora de que o pobo faga valer os seus dereitos algunha vez, e recrame un pouco mais de tino n-aqueles que teñen a obriga de ser seus directores. Que por algo o pobo é quen paga.

Resume da historia de Galicia

(CONTINUACION)

Pon a corte en Braga, e en 456 invade a provincia Cartaxinenxe que devolvera aos romaos; pero estes estaban aliados c'os godos de Teodorico o que quixo distraer a Requiario das suas correrías na Cartaxinenxe e mandou aos hérulos, aliados seus tamén, que invadise Galicia, pero foron destrozados con morte da metade dos que desembarcaran. Desafiao de novo e o suevo contéstalle que él mesmo iría levarlle a resposta a Tolosa. Tan seguro estaba de o vencer.

Non contaba con que Teodorico acudise aos viciños co-*quen estaban en malas relacións*; pero éste fai as paces co' eles e godos, romaos, francos burgondos, formando potente e moito numeroso exército, atopan en Astorga o de Requiario, dez veces mais pequeno en número, dándose a sanguenta batalla na pranura do Páramo, á beira do órbi-go (456).

Requiario foi vencido e abandonado dos seus. Volve a Galicia e parte para Africa en procura de socorros, pero unha tempestade bota a nave onde él iba en Porto, e home-*s traidores entregano a Teodorico, que o condena a morte*.

Reinara nove anos, cortísima carreira para espírito tan alto, como di un ilustre historiador.

D'aquela surxe a guerra civil. Ainefo faise rei e morre vencido pol-os godos. Uns procráman rei a Franta e outros a Maldras. Lugo e Betanzos deerráranse pol-o derradeiro e organizan lexiós que se apoderan da Lusitania. Sucumbe Maldras, asesinado pol-os seus mesmos soldados, e sucédelle Frumar, así como a Franta. Remismundo. A sorte protexe a éste, e Frumar, botado de Lugo, e agachado nas montañas, sorprende Betanzos e destrúe o pobo, pero á sua morte, en 464, deixa a Remismundo dono único de Galicia e cambia todo de aspeito. O rei casa con unha goda e penetra no reino o arrianismo, habendo persecución relixiosa en contra dos católicos.

Aquí aparece na historia unha lagóa de case cen anos (469 a 550), ao cabo dos cales sona Carriarico como rei de Galicia; convértese ao catolicismo e sucédelle (559) Teudumir, que reina en paz hasta 570 e deixa o trono a seu fillo Mirón, ou Miro, home de grandes prendas, bon político e guerreiro e fervente católico, educado por San Martiño de Dume. Iste monarca conquistou a Ríoxa, e anos despois foi en auxilio de San Hermenegildo, que estaba cercado en Sevilla por seu pai Leovixildo, pero sendo vencido recolleuse aos seus estados e morreu de pena en 583. Herdouno seu fillo Eborico, neno aínda, que se puxo baixo o amparo de Leovixildo, pero non ben pasado un ano, Andeca, podente manate, rebelouse, prendeu e fíxolle tomar as ordes sagradas; tomou logo por muller á viuda de Miro e procrámase rei de Galicia (584). Leovixildo co gallo de vingar Eborico, entrou na Galicia con un exército; o usurpador foi vencido e desterrado e o godo quedou dono do noso

país. En van os galeges procrámanon rei a Malarico: en van o rei franco Gontrán mandóuselles unha forte armada de socorro. Esta naufragou nas costas e aquel foi vencido e así acabou a monarquía sueva de Galicia.

FLORENCIO VAAMONDE.

(Seguirase).

LECTURAS

Regreso ao Paraíso.—Teixeira de Pascoaes.

Chega á nós este imenso poema do mestre portugués que leímos con deleitación.

E sen dúbida, o gran poeta lusitano Teixeira de Pascoaes, a mais alta figura que na actualidade ten a lírica da nación irmá.

Nas páxinas d'este novo libro seu, maniféstase unha vez mais canta é a beleza da forma con que o poeta sabe adornar as suas conceicións de gran emotividade, d'un pensamento elevado, nas que a divina "saudade" resprandece victoriosa, trunfante, erguendo para o ceo como nunha fogueira mística de amor e beleza, por sobre total-as ruindades do mundo, a espiritualidade, o Ideal que debe alentar en cada home guiando os seus pasos pol-a vida.

Como di Leonardo Coimbra, noso amigo moi estimado, no prólogo da obra: "E este libro un grande poema e unha grande obra musical: falan os elementos e ningunha creación humana ou divina deixa de acordar na madrugada de alegría d'este Canto ou no Crepúsculo de Dór das suas páxinas anoitecidas.

Papel de fumar

NOROESTE

A SUPERIORIDADE

DOS

CALZADOS SENRA

abonda para xustificar a preferencia dos consumidores. Mais o procedere d'unha industria gallega,

HONRA DA NOSA REXIÓN

obriga a non gastar outros a cantos sinten amor pol-a sua Terra.

Fábrica: Juan Flórez, 136 — A CRUÑA

Cantón Grande, 15 - A Cruña.

• DESPACHOS: Real, 110 - Ferro!

Príncipe, 9 - Vigo.

Incombustibles lixeriras Impermeables as pizarras C. Y. T.

son a millor cuberta para tellados

Pódense ver empregadas nos edificios: Cuartel das Mercedes, de Lugo; Balneario de Guitiriz, e nos edificios recentemente construídos no Campo da Estrada, da Cruña, para Inxenieros militares, etc., etc.

Son perfectamente regulares, cortadas a máquina e solo pesan 16 kilos metro cuadrado

Vendedor exclusivo: VIUDA DE NOVOA

Payo Gómez, 6 - A CRUÑA

Fábrica de Xergóns
e catres metálicos

ORZAN, 70
(Frente do Pórtico de San Andrés)

ZINCKE HERMANOS
LIBRERIA — PAPELERIA
IMPRESA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— A CRUNA —

Novos Almacenes Coruñeses

Tecidos nacionás e estranxeiros
Vendas por maior e menor

Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

EFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

“Patente-Salvavidas”

O mellor para pintar os fondos dos barcos. Ganou Diploma de Honor, Gran premio e medalla de ouro nas Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mirambell

VIGO-CRUÑA

FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos establecementos da súa crás que mais honran a Galicia. Montada con arreglo aos derradeiros adiantos.

Paulino Freire

BOUZAS - VIGO

Sucursales: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa
Aparellos, armados e en panos, para barcos pesqueiros
Malletas de abacá e cáñamo alquitranado—Cables de aceiro, ingleses
Aceites minerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUNA —

Filios de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,
MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Grandes Almacés de Tecidos

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIÓNS

Inmenso surtido en Panos da Rexión e Estranxeiro. Confeciónanse toda crás prendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43—Teléfono 258

A CRUÑA